

DECEMBRO

DÍA DA CONSTITUCIÓN

Celébrase o día 6 de decembro. É festa en toda España porque conmemoramos o referendun constitucional de 1978 cando o pobo español aprobou a Constitución Española, que recolle os deberes e dereitos dos Españois, leis sobre política, economía, etc. A constitución, aprobada no referendun do 6 de decembro de 1978, foi considerada como o cume da transición de España cara á democracia. Celébranse neste día diferentes actos culturais en honor da constitución e da democracia.



"INMACULADA CONCEPCIÓN"


É unha celebración relixiosa do 8 de decembro en honor á virxe María, nai de Xesús, conmemorando o seu nacemento sen pecado orixinal.

DÍA DOS INOCENTES

É celebrado o 28 de decembro. A xente gasta bromas aos seus amigos ou a persoas quen on coñece. Sempre hai unha parte das noticias gastando bromas sobre política, deportes ou famosos na televisión, na radio ou nos periódicos para facer rir. Por exemplo díxose que Raúl, un xogador do Real Madrid Clube de Fútbol, ía ir xogar ao Atlético de Madrid clube de fútbol, e hai unha gran rivalidade entre estes dous equipos de fútbol!!

Os medios de comunicación gastan bromas nas que fan que a información pareza real, pero este e o único día que o poden facer. O seguinte día a xente falará sobre a "inocentada".

Tamén nós gastamos bromas. Chamamos aos nosos amigos ou á familia e gastámoslles bromas: Por exemplo a xente xove pode dicir que romperon a perna, que teñen que marchar ao estranxeiro... Tamén facemos bonecos brancos de papel e pegámosllos á xente nas portas da casa ou nas costas parar rir.



Este é o boneco de papel que poñemos nas costas dos demais.

A orixe desta celebración é relixiosa. É 3 días despois de Nadal recordando a matanza de nenos inocentes porque Herodes non quería que Xesús nacera.